

LIMIAR

O rostro da luz

A poesía nunca debe gañar aos puntos. A poesía que paga a pena ler é coma eses marrazos de dereita que varren o sentido, ou te secuestra impedindo que fagas cousa ningunha que non sexa fatigar un verso tras outro ou se non é ganga desaproveitable.

Esa vertixe do aviador en caída libre foi a que sentín cando lin As cicatrices do Sol. A buxola virou tola, como se o norte magnético da agulla crítica decidise converterse nun dervixe en transe e non importase nada que non fose o arrebatado da poética visionaria, a forza descomunal das imaxes roxas coma brasas que palpitán, ardentes, nos versos de Luís Valle.

Hai neste libro derregos ocultos que só vence a tenacidade. Unha álgebra simbólica tece arredor do poema unha mesta arañeira de significantes implementados, que apuntan en múltiples direccións de sentido. A cifra do que se di ancora nunha sistemática transinterpretativa que escurece a hermenéutica convencional. Todo o que se di pecha e abre círculos nunha espiral que metamorfosea en cinta de Moebius para soldar o multiverso da escrita.

O corvo témero e a figueira solitaria, a trenza en chamas, o dioivo de pombas amordazadas, o verme que roe na mazá, a espiña inicua, os dedos amputados, a estrela guiadoira, o anxo tutelar, as aguias lidando no ar, o vento clamando nas uceiras, a baba do caracol por eóns, a forza e as aves sen peteiro, o voo das típulas, as cobras de azougue, a loucura dos sapos e as sebes de

ortigas, o tránsito das escadas, os ríos anasados pola Terra Chá, o peso das sombras nas chammas solitarias, os ósos acesos da memoria nos que sangra a linguaxe, a sabedoría dos ermos, os merlos cegos, as uñas do esquecemento, os libros da envexa, os libros borrados e os libros de volta.

O territorio Valle arquitecturiza armilar. Os círculos concéntricos do simbólico van tendendo lazadas dun a outro poema, engastando discurso, de modo que un texto cobra sentido na continuidade dos restantes e todos a unha retroalimentan a visión de conxunto.

As cicatrices do Sol transpiran un oráculo bíblico. A voz profética que habita estas planas emerxe aquí e a acolá para dicir o seu arcano, esconxurar a maldición incomunicante, advertir da premonición, iluminar os ceos de cinza, as espesuras da cegueira, o deserto da desolación.

Con Valle vai o Montale que estudou para o día de mañá, o Iglesia Alvaríño que deixa ir o corazón dos ríos, a Lasker-Schüler das estrelas outras, o Tommaso Ceva líricō-xeómetra, o Díaz Castro das canles de luz nas noites necesarias, o Rilke de esquivos arcanxos e sempre o Blake da luxuria do castrón, da xenrosidade de Deus.

O Sol que aluma estes poemas é un astro inexorable. Señorea os desertos, evidencia, diamantino, as miserias e calcina os vástagos desnortados para convertelos en cinza vouga. Nin unha sede de auga. Sequera Amor e a súa espiña, o seu baleiro escrito nas paredes da ausencia, a súa esperanza cativa no fondo das arcas.

Todo aquí se dá nun dicir versal continuo, lírica de secuencias fluentes cal prosa vagarosa, plasmada en liñas de sangría reconcentrada, como cortada á brosa, imperio do verdugo tipográfico que estra títulos ao pé. As parénteses abondosas, os suspensivos plurívocos, as comiñas admonitorias, mesmo as cursivas orien-

Terra Chá,
sos da me-
os, os mer-
envexa, os

os concén-
tro poema,
sentido na
tentan a vi-

A voz pro-
para dicir o
advertir da
iras da ce-

añá, o Igle-
ra-Schüler
tra, o Díaz
e de esqui-
n, da xene-

le. Señorea
cina os vás-
Nin unha
eiro escrito
fondo das

secuencias
gría recon-
tipográfico
uspensivos
sivas orien-

tadoras son andas para a procesión da verba que estoura nos pe-
ríodos, florindo harmónica, estalactita musical.

Valle é «o soño do verme que roeu a mazá e comprendeu o es-
panto ao comezo do libro», pero axiña adeprende que «esgo-
tado o pranto ábrese outra porta». As cicatrices solares desta
estética son unha ebriedade que «pesa nos ollos como unha
lousa de brasas», iluminan o poeta entre as «ladaíñas nun país
sen nome» polo que vai «agarrado ao corazón da pedra», sen
saber cara a onde, talvez a unha morte na que todo estea máis
preto dun, cabo da estrela da fin dos nomes, «máis aló das cruces
de Nicodemos», nun país de lúas suicidas, deixando atrás o
pomo negro da casa da infancia que xira sen abrirse, á procura
do mar de Luz, desa luz «que se esgalla nos últimos abeiros do
mundo», fronte á Porta Derradeira, custodiada por un anxo
orfo, aquel baixo as coxas do cal se dobran, metódicas, as idades,
cando «florece, florece o lento po da loucura ao final do Libro!».

Arredor, ningún: a distancia, o eco e as cicatrices do Sol.

Armando Requeixo